



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Teoría e historia da poboación			Código	615G01107
Titulación	Grao en Socioloxía				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Suárez Grimalt, Laura	Correo electrónico	laura.suarez.grimalt@udc.es		
Profesorado	Souto García, Andrea	Correo electrónico	andrea.souto@udc.es		
	Suárez Grimalt, Laura		laura.suarez.grimalt@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>O obxectivo principal do curso é proporcionar os conceptos básicos para identificar e discutir a interrelación entre distintos fenómenos demográficos e a realidade social, económica e eventualmente de política pública (causas e consecuencias da caída da fecundidade, do envellecemento da poboación e dos procesos de migración, entre outros).</p> <p>No cumprimento deste obxectivo, o contido do curso atenderá especialmente ás poboacións dos países desenvolvidos e singularmente á poboación española.</p> <p>Son tamén metas deste curso o fomento do traballo persoal do alumno e a súa capacitación no manexo de instrumentos básicos na análise científica da realidade social, como as fontes estatísticas oficiais e o material bibliográfico.</p> <p>Os estudantes deberán aprender a buscar nas fontes de datos aqueles que se refiren a realidades demográficas relevantes, así como a calcular e interpretar os indicadores básicos da análise demográfica (taxas e índices) e a producir e explicar táboas e gráficos que describan realidades demográficas relevantes.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A4	Relaciones entre la población, los recursos y medio ambiente en su movimiento y estructura; y el estudio de las técnicas y métodos del análisis demográfico.
A14	Capacidades en elaborar, utilizar, e interpretar indicadores sociais e instrumentos de medición social.
A17	Conocimientos y habilidades en la búsqueda de información secundaria en las diferentes fuentes (instituciones oficiales, bibliotecas, internet, etc.).
A32	Capacidades en contribuir al diseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociales.
B1	Capacidad de organización y planificación.
B2	Toma de decisiones.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B5	Capacidad de gestión de la información.
B6	Comunicación oral y escrita en la lengua nativa.
B7	Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio.
B9	Reconocimiento a la diversidad y a la multiculturalidad.
B12	Trabajo en equipo.
B13	Razonamiento crítico.
B27	Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C3	Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Os estudantes aprenderán a buscar nas fontes de datos aqueles que se refiren a realidades demográficas relevantes e a producir táboas e gráficos descritivos dos mesmos.	A4 A17	B1 B2 B3 B5 B6 B9 B12 B13 B27	C1 C3
Os estudantes aprenderán a calcular e interpretar os indicadores básicos da análise demográfica (taxas e índices) así como a producir e interpretar táboas e gráficos que describan realidades demográficas relevantes	A14 A32	B1 B2 B3 B7 B9 B12 B13	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- O mundo que gañamos ou o que é igual, unha historia mínima da poboación mundial. De onde vimos?	1) O primeiro tema versa sobre a historia do poboamento mundial e subministra información ao alumno acerca de cal foi a evolución demográfica.
2.- En que momento estamos? A demografía do cambio de valores e as novas relacións familiares á que se suma a transición migratoria e o cambio étnico nos países de baixa fecundidade.	2) O segundo tema ofrece dous enfoques interpretativos para analizar a evolución da poboación e a súa dinámica máis actual.
3.- O noso caso. A situación demográfica na España autonómica e que futuro nos agarda?	3) O terceiro tema céntrase en catro debates actuais e no estudo das súas consecuencias.
4.- Que pensamos e que estamos a debater? Un breve repaso dos debates actuais con base demográfica.	4) Este último tema está adicado ao debate intelectual baseado nun fenómeno social actual e o seu impacto demográfico.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A32 B9 B13 B27 C3	25	0	25
Prácticas a través de TIC	A14 A17 B2 B3 B5 B7 C3	60	20	80
Proba obxectiva	A14 A17 A32 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B12 C1 C3	4	39	43
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Motivarase e valorarase a participación dos alumnos, mediante preguntas ou/e debates. Nas clases sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando todas as opinións diversas en torno aos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado
Prácticas a través de TIC	Consiste na realización de clases prácticas sobre cuestións relacionadas coa demografía e a evolución da poboación. As prácticas son definidas polo profesorado sobre temas de actualidade, nas que se combina a aplicación empírica de diferentes taxas e indicadores demográficos. Nalgunhas destas prácticas utilízanse ordenadores e o programa informático EXCEL para levalas a cabo.
Proba obxectiva	Probas obxectivas que se desenvolverán ó longo do curso sobre as diferentes partes do temario impartido de e debatido na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A atención personalizada desenvolveráse de xeito individual para a resolución de dúbidas e problemas. O desenvolvemento da atención persoalizada será a través do horario de titorías establecido. Se realizarán tamén tutorías a través de plataforma Teams previa cita co profesorado. O correo electrónico defínese como a principal ferramenta de contacto entre profesorado e alumnado. No caso de alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao comezo de curso un calendario específico de titorías compatibles coa súa dedicación e asistencia. As titorías poderán levar a cabo de maneira virtual (Skype, Teams ou correo electrónico). O material de traballo utilizado na clase, porase a disposición a través da plataforma virtual da materia (Moodle).

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A14 A17 A32 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B12 C1 C3	Proba obxectiva sobre diferentes partes do temario impartido o longo de cuatrimestre de contido teórico	40
Prácticas a través de TIC	A14 A17 B2 B3 B5 B7 C3	As prácticas consistirán na realización de exercicios relacionados co cálculo de indicadores das principais variables demográficas, o manexo de bases de datos estatísticos, a construción de táboas de cálculo, a elaboración de gráficos e a interpretación da realidade demográfica de diferentes territorios.	60

Observacións avaliación



Todas as actividades, tarefas e traballos a realizar ao longo do cuadrimestre van contabilizarse para a nota final.

As prácticas que se realicen a través de TICS desenvolveranse ao longo do cuadrimestre. Realizarase un mínimo de dous probas obxetivas o longo do cuadrimestre. Estas probas farán referencia ás diferentes partes do temario impartido na materia, que serán sinaladas e recollidas na plataforma Moodle para a súa consulta polo alumnado. Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados e prácticas (60%) como o exame (40%). A nota mínima para superar cada unha das partes é un 5 (aprobado) NON se gardarán notas ou partes aprobadas para a segunda e sucesivas oportunidades. Se se suspende, por exemplo, a parte práctica da materia, e a media das cualificacións do alumno é, por tanto, inferior a 5, leste deberá presentarse á convocatoria extraordinaria con todos os contidos da materia. Non repetirase as prácticas suspensas.

Os materiais utilizados nas sesións, presentacións, audiovisuais, lecturas e prácticas tamén serán postos a disposición do estudiantado en formato dixital através da plataforma Moodle. As actividades e prácticas entregaranse en formato dixital a través da plataforma Moodle. Tanto nos contidos como no sistema de avaliación atenderanse ás recomendacións de axustes razoables propostas pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI) no caso do alumnado con diversidade funcional ou NEAE, proporcionadas pola Coordinación do PAT do centro. Aqueles/as alumnos/as non presenciais, con dispensa académica ou que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial deberán contactar co profesorado responsable da materia ao inicio de curso. O sistema de avaliación será o mesmo, só que as actividades ou prácticas a realizar na aula serán substituídas por outras ou adaptadas para a súa realización de maneira non presencial. Para a segunda e posteriores convocatorias o sistema de avaliación consistirá na realización dunha proba obxetiva de contido teórico e práctico. O alumnado deberá desenvolver diferentes conceptos teóricos aprendidos durante o curso, e calcular distintas taxas e indicadores, así como interpretar gráficos e táboas. No caso de poder celebrarse de forma presencial, esta proba terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC para a realización de exames oficiais.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- (). .- (). .- Cipolla. Carlo M. Historia económica de la población mundial. Ed. Crítica. Barcelona, 1978. Visión histórica de las relaciones entre producción, economía y población.- Comisión de las Comunidades Europeas 1983. Europa en el movimiento demográfico. Madrid. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. Madrid. Situación de la población europea a finales del siglo XX. Descripción de los efectos del paso del final de la primera transición demográfica al envejecimiento de las poblaciones europeas.- Della Zuanna, Giampiero y Billari, Francesco C. 2010. ¿Declive o revolución demográfica?: Reflexiones a partir del caso italiano. Madrid. Ed. Centro de Investigaciones Sociológicas-CIS. Debate sobre los planteamientos que defienden la situación de declive demográfico en algunas naciones europeas. Centrado en el caso de las regiones italianas- Esping-Andersen, G. 1991. Los tres grandes retos del Estado de Bienestar. Barcelona. Ed. Ariel (2010). Análisis socio-político que evalúa los tres principales tipos de ?Estados de Bienestar? existentes en Europa occidental y otras economías capitalistas avanzadas.- Esping-Andersen G. (Coord.) El déficit de natalidad en Europa. Ed. Obra Social ?la Caixa?. Barcelona, 2013. Estudio demográfica de la situación, características e implicaciones que tiene la mantenimiento de una baja natalidad.- Livi- Bacci M. Un largo viaje. Ed. Pasado y presente. Barcelona, 2016. Visión sintética de la historia y evolución de la población humana- Malthus. R. Primer ensayo sobre la población. Ed. Alianza. Madrid, 1966. Estudio de las consecuencias que puede tener el crecimiento de la población en la Gran Bretaña del siglo XIX. Primer estudio sobre la relación entre producción de alimentos y población. --&gt;
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Emmott S. Diez mil millones. Ed. Anagrama, Barcelona, 2013. Análisis de las consecuencias que puede llegar a tener un población de 10.000 millones. Efectos sobre la producción, comercialización, distribución y consumo.- Leal, J. L. y Fernández Cordón, J.A. 2006. Análisis territorial de la demografía española. Madrid. Fund. Fernando Abril Martorell. Situación de las variables demográficas y del crecimiento de las poblaciones de las Comunidades Autónomas a principios del S.XXI.- Livi-Bacci, Massimo. 1983. Introducción a la demografía. Barcelona. Ed. Ariel. Texto de los principios básicos del análisis de la población, desde la perspectiva demográfica.- Vinuesa, Julio y Puga, Dolores(ed.). 2006. Técnicas y ejercicios de Demografía. Madrid. Ed. Instituto Nacional de Estadística. Compendio de nociones básicas de cálculo y tratamiento de las variables demográficas, con ejemplos de la población española.

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Análise demográfica/615G01301

Globalización, medio ambiente e poboación/615G01409

Socioloxía das migracións/615G01410

Proxeccións de poboación/615G01411

Observacións

Recomendacións:1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais4.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)5.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade6. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas7. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías